



DECRETO

ASUNTO: ORDE DE EXECUCIÓN. RESOLUCIÓN.
INTERESADO/A: HARRI HEGOALDE 2 SAU (CIF A8005626)
LOCALIZACIÓN: RÚA RUEIRO R-2. BERTAMIRÁNS. ORTOÑO. T.M. AMES.
RC: 8156814NH2485N0001KG
EXP.: 2020/G003/000745

FEITOS

1.- O 10 de xuño de 2019, funcionario de vixilancia e inspección urbanística do concello de Ames, por funcións atribuídas en Decreto de Alcaldía 289/2019 do 5 de febreiro, emite informe no que se manifesta:

"Que na data 10 de xuño de 2019, a requirimento dos servizos municipais de urbanismo acudín á parcela con referencia catastral 8156814NH2485N0001KG sita en Bertamiráns, parroquia de Ortoño, observando que non cumpre coas condicións de seguridade, salubridade e ornato público sinaladas na normativa urbanística en vigor. Achéganse fotografías".

2.- A parcela con referencia catastral 8156814NH2485N0001KG ten como titular catastral a HARRI HEGOALDE 2 SL (A-86005626), de conformidade cos datos catastrais obtidos da Dirección Xeral de Catastro, e sitúase na Rúa Rueiro Solo R-2, Bertamiráns, parroquia de Ortoño.

3.- Mediante Decreto de Alcaldía 2245/2019, do 22 de agosto de 2019, resolveuse incoar expediente de orde de execución a HARRI HEGOALDE 2 SAU (CIF A8005626), como titular da parcela con referencia catastral 8156814NH2485N0001KG sita na Rúa Rueiro, Solo R-2, Bertamiráns, parroquia de Ortoño, pola existencia de abundante maleza, incumprindo o disposto pola normativa urbanística de aplicación respecto á obriga de conservación en termos de seguridade, salubridade e ornato establecido no artigo 135 da Lei do solo de Galicia e 332 do seu Regulamento.

4.- Recibida a notificación da resolución en data de 3 de setembro de 2019, o interesado non compareceu nin presentou alegacións.

5.- Mediante Decreto de Alcaldía 47/2020, do 10 de xaneiro de 2020, resolveuse ditar orde de execución pola que se ordena a HARRI HEGOALDE 2 SAU (CIF A8005626), como titular da parcela con referencia catastral 8156814NH2485N0001KG sita na Rúa Rueiro, Solo R-2, Bertamiráns, parroquia de Ortoño, que proceda ao CORTE E RETIRADA DOS RESTOS da maleza (silvas, plantas arbustivas, herbáceas) para o mantemento da parcela en condicións de salubridade e ornato.

9.- Mediante escrito dirixido ao Concello de Ames (r.e. 202090000000142), AGROTECNICAS MEDIOAMBIENTALES AGRONSA SL, (CIF B87955027), en representación da mercantil HARRI HEGOALDE 2 SAU declara ter realizados os traballos decretados polo concello.

10.- Xirada visita de inspección en data de 6 de marzo de 2020, a Policía Local de Ames (axente con número de identificación profesional 006004), informa sobre o estado da parcela, achegando fotografías, nas que se pode apreciar a parcela nas condicións debidas de conservación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E CONCLUSIÓNS

Á vista do anterior e consonte cos artigos 135 e 136 da vixente lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, en tanto os obrigados adoptaron as medidas necesarias en favor do cumprimento do mantemento e conservación da parcela en termos de seguridade, salubridade, accesibilidade e ornato, procede rematar o procedemento de orde de execución incoado.

O artigo 84 da LPAC sinala como formas de rematar o procedemento, a resolución, o desistimento, a renuncia ó dereito no que se funda a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.

Polo exposto, de conformidade co artigo 175 do RD 2568/1986 do 28 de novembro, de regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ROF, O ALCALDE, no uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 s) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e a normativa específica de aplicación, RESOLVE:

Resolver o arquivo do expediente de orde de execución a HARRI HEGOALDE 2 SAU (CIF A8005626), como titular da parcela con referencia catastral 8156814NH2485N0001KG sita na Rúa Ruevo, Solo R-2, Bertamiráns, parroquia de Ortoño, toda vez que quedou constatado que se adoptaron as medidas necesarias para manter a propiedade nas condicións de ornato, seguridade e salubridade esixidas pola normativa vixente e conforme ao disposto no 47/2020 (Exp. 2020/G003/000028).

Notifíquese aos interesados, facéndolles saber que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderán interpoñer os seguintes recursos:

Recurso de reposición, con carácter potestativo, ante o mesmo órgano que ditou o acordo, no prazo dun MES (arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo das Administracións Públicas).

Recurso Contencioso – Administrativo, no prazo de DOUS MESES, a contar dende o día seguinte o da recepción da presente notificación (art. 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa).

Os prazos para a interposición dos recursos, no seu caso, comezarán o día seguinte ao levantamento da suspensión dos prazos administrativos de conformidade co disposto no Decreto de Alcaldía 679/2020, do 15 de marzo: "O cómputo dos prazos reanúdanse no momento no que perda vixencia a declaración do estado de alarma ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo"; ou ben, a partir do día seguinte á recepción da notificación da presente resolución, cando se reciba con posterioridade á perda de vixencia do estado de alarma ou das súas prórrogas.

O ALCALDE
José M. Miñones Conde

A SECRETARIA
Rosa Ana Prada Queipo